



PROCEDEMENTO

Aprobación do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro con Arco. Proceso electoral 2022-2025.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Federación Galega de Tiro con Arco aprobou na súa Asemblea Xeral Extraordinaria do 23 de abril de 2022 o regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2022-2025. A Asemblea Xeral delegou na Xunta Directiva a facultade de realizar as modificacións que indique, no seu caso, a Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo. O 25 de abril de 2022 a Federación Galega de Tiro con Arco remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o devandito regulamento electoral xunto coa acta da asemblea xeral onde se aprobou, de data 23 de abril de 2022, e unha proposta de calendario electoral na que se indican as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral.

Terceiro. O 20 de maio de 2022 o subdirector xeral de plans e programas da Secretaria Xeral para o Deporte devolve á Federación Galega de Tiro con Arco o texto do regulamento electoral e do calendario electoral xunto cun requirimento de emenda, realizándose esta o 25 de maio de 2022.

Cuarto. O 22 de xuño de 2022 o Comité Galego de Xustiza Deportiva, por unanimidade, ACORDA ESTIMAR, o recurso potestativo de reposición interposto contra a resolución do CGXD, ditada no expediente 56/2022 por non terse cumprida a normativa electoral correspondente e, polo tanto, declarar que a Asemblea foi celebrada sen cumprir cos requisitos da convocatoria legalmente establecidos. O 17 de xullo de 2022 o CGXD dita resolución aclaratoria na que precisa que a anulación refírese exclusivamente a dito punto do orde do día da Asemblea.

Quinto. O 3 de agosto de 2022 a Federación Galega de Tiro con Arco celebrou nova Asemblea Extraordinaria para a aprobación do regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, á Presidencia e á





Comisión Delegada da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2022-2025.

Sexto. O 4 de agosto de 2022 a Federación Galega de Tiro con Arco remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o regulamento electoral e o calendario electoral aprobados.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto no artigo 17.3 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro: "A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo máximo dun mes, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para a emenda daquelas normas do regulamento que non se axusten ao disposto no presente decreto. Neste último suposto, indicaranse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución entenderase aprobado o regulamento".

2. O artigo 17.4. de dito Decreto establece que realizadas as modificacións, o novo regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

3. A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, este Secretario Xeral

Resolve: Aprobar o regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro con Arco e o calendario electoral, aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 3 de agosto de 2022 .

En ningún caso poderase impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva o contido do regulamento.





A convocatoria das eleccións, xunto coa documentación do artigo 15.4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, se comunicará á Secretaría Xeral para o Deporte xunto coa certificación do/a secretario/a da Federación Galega de Tiro con Arco, no prazo de dous días hábiles desde a súa publicación.

Lembráselle que durante todo o proceso electoral debe estar a documentación na paxina web da federación na sección "eleccións 2022" na que deberá figurar tamén as actas da xunta electoral e cantos documentos electorais aprobe a Comisión Xestora.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o Deporte.
José Ramón Lete Lasa.

